
Análise da Lei de Iniciativas Empresariais

LEI DE FOMENTO EMPRESARIAL DO PP ESPOLIO, DEPREDACIÓN E RUÍNA DE GALIZA



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

Análise da Lei de Iniciativas Empresariais

A comezos do pasado mes de agosto, e pola vía da urxencia, o PP presentou no Parlamento galego unha Proposición de Lei, co título de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galiza.

Estamos ante unha nova actuación antidemocrática e golpista do Goberno de Feixó, que para evitar verse sometido aos informes e controis propios dos trámites das Leis impulsadas polo Goberno (exposicións pública, alegacións, ditames de organismos de participación alleos ao Goberno, informes de control de legalidade, informes de dotación económica, etc), utiliza o procedemento lexislativo de proposición de lei, que ten o Grupo Parlamentar do PP, e así de forma fraudulenta e perversa, facendo uso da súa maioría absoluta no Parlamento, pretende aprobar a toda présa esta Lei, de grande calado, negando calquera dereito de participación social.

Esta Proposición de Lei trata materias moi diversas e dun xeito caótico, que afectan a multitude de áreas, modificando varias leis, coa xustificación formal de facilitar o asentamento de empresas, pensando na “competencia” doutros territorios (sen dicilo explicitamente falan de Portugal) mais logo no texto aproveitan para reformar unha chea de leis diferentes, a maioría impulsadas en lexislaturas anteriores polo propio PP, e que nada teñen a ver coa implantación de iniciativas empresariais.

Esta Lei asenta nas políticas neoliberais, tan gustosamente practicadas polo PP, mais ao mesmo tempo, constatan o seu fracaso, xa que con esta Lei se fai unha auténtica emenda á totalidade das súas propias políticas pasadas. Nesta ocasión, fan esta Lei dando un paso máis na aplicación da Lei 1/2010, de adaptación á Directiva de Servizos, na que se substitúen as licenzas por simples declaracións responsábeis e se rebaixa sensibelmente calquera control público.

Asistimos, de novo, á evidencia de como o Goberno de Feixó deserta de servir aos intereses do pobo galego, renegando de tomar calquera iniciativa real a favor do noso desenvolvemento económico e social de Galiza. Abandona a defensa dos nosos

sectores produtivos mentres favorece un modelo industrial “colonial”. Aposta pola instalación sen atrancos administrativos de iniciativas empresariais en Galiza, a través, como din na Lei, de “simplificar, flexibilizar e liberalizar sectores da economía galega”.

Non existe nin unha soa medida, nin principal nin secundaria, que teña como obxectivo central o apoio para os proxectos e actividades que aposten por que o proceso produtivo e de transformación teña lugar en Galiza. Tampouco se contempla ningunha medida de apoio e impulso aos nosos sectores produtivos, para que se permita a recuperación e consolidación do tecido empresarial galego, favorecendo así o crecemento económico de Galiza e a creación de emprego en condicións dignas.

Esta lei é unha lei que, de forma descarada, aposta por favorecer os intereses das grandes corporacións económicas, promovendo a instalación de calquera actividade económica e industrial por problemática que poida ser. Outorgase aos grandes grupos empresariais a capacidade de impor o seu criterio por riba de calquera outra consideración, con apoio público a través de subvencións e todo tipo de incentivos, eliminando calquera atranco para a súa instalación, simplificando e axilizando os trámites administrativos de industrias, minas, parques eólicos, empresa forestais, de residuos, etc., aínda a costa de sufrirmos elevados custos ambientais e sociais, ao reducírense os controis medio ambientais, de participación cidadá e os requisitos administrativos, a protección do patrimonio natural e da saúde, tanto das persoas como do medio natural.

Para todo isto, prodúcese unha desregulamentación absoluta, que elimina cautelas ambientais e dereitos dos administrados para lles outorgar patente de curso ás empresas, especialmente ás dedicadas a actividades de minaría e pasteiro-enerxéticas. Con iso, eliminan calquera barreira para facilitar a aprobación de proxectos polémicos, evitando que se repitan situacións, como sucedeu nos últimos anos, nos que a grande resposta social impediu que fosen adiante.

Así mesmo, o Goberno galego converte a Consellaría de Industria (por medio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, como segundo organismo con máis poder sobre o territorio despois do Consello da Xunta, funcionando como un apéndice dos grandes grupos empresariais) no máximo órgano de decisión sobre outras administración. Permítese que esta decida sobre outros temas, aínda non sendo da

súa competencia, como medio ambiente, montes, patrimonio, residuos, xestión hidráulica...

Desde a CIG temos claro o noso rexeitamento e a nosa oposición a esta Lei ante as graves consecuencias que terá a súa aprobación, defendendo a necesidade de darlle unha forte resposta, de denunciar o que representa esta Lei e de mobilizarnos para conseguirmos a súa retirada.

As principais modificacións e implicacións desta Lei

1.- Os proxectos industriais estratéxicos: máis facilidades para eludir as leis

Están regulamentados no Decreto Lexislativo 1/2015 (cap. III, arts. 78-80). A modificación que introduce o artigo 16 desta norma reduce de 50 a 20 millóns de euros o volume de investimento para que un proxecto sexa declarado estratéxico, e de 250 a 100 os postos de traballo directos supostamente creados. Lembremos que a declaración dun proxecto industrial como estratéxico implica: a non suxeición a licenza urbanística, a declaración de utilidade pública, a prevalencia sobre outras utilidades públicas e a incidencia supramunicipal, así como a adxudicación directa de solo e subvencións.

2.- Autorizacións de instalacións de enerxía eléctrica: tramitación exprés sen información pública

O artigo 38 exime do trámite de información pública a determinados proxectos de instalacións eléctricas que, non solicitando a utilidade pública, tampouco requiran unha avaliación ambiental ordinaria. Non terán que someterse a información pública:

- a) Liñas cunha tensión igual ou inferior a 30 kW.
- b) Instalacións de autoconsumo de potencia superior a 100 kW. Exímese de trámites a grandes instalacións e non a pequenas instalacións destinadas ao autoconsumo eléctrico.

3.- Planta de compostaxe: a constatación do fracaso de SOGAMA

O Plan de Residuos vixente prevé a construción dunha planta de compostaxe nas instalacións de SOGAMA na Areosa, dimensionada para 15.000 toneladas. Nun primeiro momento pretendían facer compost coa fracción orgánica dos residuos municipais, proveniente do colector verde (sen separar). Legalmente, o

produto resultante non podería ser denominado compost, porque non provén dunha recollida selectiva en orixe. Posteriormente, a Xunta anunciou que a planta de compostaxe recollería materia orgánica de grandes produtores (centros comerciais, cárceres, hospitais...) que nalgunha medida iría separada desde a orixe. Porén, esta modificación sería ineficiente e racharía co principio de proximidade ao ter que desprazar a materia orgánica desde puntos moi afastados a Cereda, como mínimo uns 50 km posto que a área metropolitana da Coruña, a máis próxima, xa trata os seus residuos orgánicos en Nostián.

Na disposición adicional segunda fala de facer compós cos residuos orgánicos dos concellos próximos á planta, o que implica que nestes concellos a materia orgánica debería ser recollida separadamente. É dicir, que terán que implantar un sistema similar ao de Lousame (Mancomunidade do Barbanza) ou Nostián (A Coruña e Consorcio das Mariñas). Ademais, o tratamento desta fracción orgánica tería un custo de 45€/tonelada, lonxe dos 74€ que pagan polo "tratamento" do recollido no colector verde –coa materia orgánica mesturada– os concellos adheridos ao modelo SOGAMA.

A transcendencia desta disposición é capital: aínda que de xeito testemuñal (só 15.000 toneladas/ano e nunha única instalación) e pola porta de atrás, a Xunta vén de certificar tras 20 anos o fracaso do modelo SOGAMA baseado na incineración, promovendo a compostaxe a gran escala e abrindo a posibilidade de implantar nos concellos a recollida selectiva de materia orgánica.

En todo caso, xorden as dúbidas, sospeitas e desconfianzas de por que non se estende a recollida selectiva e a compostaxe, máis barata e ecolóxica, ao resto dos concellos do país.

4.- Lei de Conservación da Natureza: máis re-talladas á Rede Natura

Modifícase o punto 2 do artigo 16 da Lei 9/2001 de conservación da natureza, referida ás zonas de especial protección dos valores naturais (agora ZEC) da Rede Natura. Introdúcese unha excepción para os aproveitamentos madeireiros, que non precisarán de autorización de Medio Ambiente e só se rexerán pola Lei de Montes. Deste xeito, equipáranse estes usos (cortas, plantacións...) aos tradicionais, podendo vulnerar artigos clave da Directiva 92/43/CEE de Hábitats, pola que se cría a Rede Natura 2000 (segundo esta normativa, nestas áreas só se permiten actividades de conservación así como as declaradas de orde prioritaria –casos excepcionais de índole social e económica–, e para poder facer esa declaración a Xunta previamente deberá ter informado á Comisión e mandar un informe que avale esta decisión, onde se recolla a necesidade para o desenvolvemento da zona e que non provoca ningún tipo de afectación).

Esta manobra lembra á xa feita en 2011 por Feixó para declarar a acuicultura industrial “de utilidade pública de primeira orde” e tentar pasar por riba da lexislación da Rede Natura.

5.- Lei da minaría: Toda Galiza é unha mina sen apenas regulación

Esta norma modifica profundamente a Lei 3/2008 da minaría de Galiza, colapsando trámites, reducindo prazos e dando a Industria capacidade substantiva para resolver un proxecto ou solicitude de dereito mineiro á marxe das consideración dos concellos e doutros departamentos da administración (medio ambiente, patrimonio, urbanismo...).

Modifícase o artigo 21 (referido no texto orixinal á información pública) para, entre outras cuestións:

- Que o promotor poida solicitar a expropiación ou a utilidade pública xuntamente coa presentación do proxecto, sen agardar pola aprobación deste.
- Outorgar a utilidade pública no mesmo acto administrativo de resolución do expediente, dando a posibilidade á empresa de chegar a acordos cos propietarios para evitar a expropiación.

Modifícase o artigo 23, referido ás consultas ás administracións e información pública, no seguinte senso:

- Os informes preceptivos (Medio Ambiente, Augas e Costas, etc., así como os que Industria xulgue necesario para resolver) deixan de ser determinantes. No artigo orixinal citábanse os

órganos ambiental, urbanístico e agrario, como preceptivos e determinantes. Agora, aínda que estes informes sexan contrarios, se o criterio de Industria é outro, o proxecto segue adiante.

- Estes informes preceptivos referiranse só á existencia de usos de interese público que poidan colidir co interese público dos usos mineiros.
- O prazo para a emisión destes informes preceptivos baixa de 2 meses a 1 mes. Se os informes se reciben fóra de prazo, non se terán en conta.
- Se os informes preceptivos non son relevantes ou non se reciben, Industria poderá requirirlos ao órgano xerárquico superior do departamento que tería que emitilos. Se aínda así non se reciben, o procedemento continuará.

6.- Lei eólica: os parques eólicos, onde e como diga Industria

Modifícase o artigo 16 (bonificacións do canon eólico) para reducir a porcentaxe de bonificación por substitución de aeroxeradores –repotenciamento–, que pasa a ser de x10 a x5 en función das máquinas eliminadas. Así, se antes un parque se reducía en 10 aeroxeradores, a bonificación era do 100% e agora redúcese ao 50%.

Modifícase á tramitación administrativa dos parques eólicos (Título IV da Lei 8/2009) para:

- Introducir como excepción á prohibición de parques eólicos en Rede Natura as modificacións dos parques en funcionamento cando se reduzan nunha porcentaxe mínima do 50% os muíños. No artigo orixinal as excepcións por repotenciamento non tiñan porcentaxe mínima.
- Suprímese o artigo 34 da lei 8/2009 que fixaba os criterios de valoración para poder escoller entre diferentes solicitudes de proxectos. Entre eses criterios figuraban a menos afección ambiental, o compromiso de desenvolver un proxecto industrial, o compromiso de repotenciamento dos parques xa instalados. Xa que logo, estes condicionantes desaparecen.
- O proceso de expropiación dos montes veciñais en man común afectados por un proxecto eólico pasa a ser regulamentado por esta norma.

Introdúcense os “proxectos de especial interese” (Disposición adicional primeira):

Os proxectos de produción de enerxía eléctrica con renovábeis poderán ser declarados “proxectos de especial interese” polo Consello da Xunta. As consecuencias da declaración son a tramitación

prioritaria e a redución á metade dos prazos de instrución, alén de que automaticamente se considerará prevalente a utilidade pública das instalacións. Porén, a redacción desta disposición fai que poidan ser declarados “proxectos de interese especial” instalacións só eólicas, senón tamén calquera que xere electricidade a partir de renovábeis (biomasa, hidroeléctricas, solares...), malia a figurar na lei eólica.

Disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación: Declárase a súa incidencia supramunicipal automática.

Todas estas competencias para realizar estas declaracións de utilidade pública, de incidencia supramunicipal, de especial interese, que se outorga á Dirección Xeral de Enerxía e Minas supón a prevalencia deses proxectos sobre outra utilidade pública sexa o aproveitamento do monte, o sector turístico ou a preservación dos valores ambientais.

Na realidade, é un grave recoñecemento de privilexios para as empresas eléctricas que sexan adxudicatarias do sistema de poxas que desenvolvan proxectos de parques eólicos, plantas de biomasa, de queima de residuos, ou de coxeración, que terán o camiño expedito para levalos a cabo de xeito rápido pasando por riba dos dereitos das persoas propietarias do terreo, e por riba do dereito deste país a integrar outros usos no seu territorio e a conservar os seus valores ambientais e paisaxísticos.

7.- Lei 9/2010 de Augas: menos información pública

Modifícase o punto 3 do artigo 29 relativo ás obras hidráulicas para reducir de 30 a 20 días o prazo de información pública dunha obra hidráulica de interese.

8.- Lei 7/2012 de Montes de Galiza: talas e plantacións a discreción

Modifícase o artigo 92 relativo ás autorizacións para os aproveitamentos madeireiros, antes necesarias en todos os casos (con excepción do uso doméstico). Agora só hai que pedir autorización cando haxa frondosas autóctonas. Para o resto das especies, abonda cunha declaración responsábel.

Sobre a biomasa forestal, elimínase a necesidade de comunicación e o prazo 15 días de antelación do aproveitamento e substituíndoa, outra volta, por unha declaración responsábel.

A Xunta xeneraliza o uso da declaración responsábel, particularmente na Lei de Montes mais tamén doutras normas. En moitos casos substitúe o procedemento de solicitude de autorización/comunicación e suprime automaticamente os prazos de resolución, e noutros, tamén os de consulta e/ou exposición pública. A “simplificación e normalización dos procedementos” así como a “optimización de recursos humanos” invocada na exposición de motivos, deixa sen efecto o control público de actividades económicas de grande incidencia, remata co principio de transparencia, cos dereitos de información e participación social.

Galiza, setembro 2017



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal